

O CONTIDO DESTE FOLLETO INFORMATIVO TEN
CARÁCTER ORIENTATIVO E NON VINCULANTE

PARA UNHA INFORMACIÓN MÁIS DETALLADA
ACUDA Á DIRECCIÓN PROVINCIAL DA
TESOURERÍA XERAL OU ADMINISTRACIÓN DA
SEGURIDADE SOCIAL MÁIS PRÓXIMA AO SEU
DOMICILIO, UTILICE O SERVIZO DE XESTIÓN E
ATENCIÓN TELEFÓNICA AO CIDADÁN OU
CONSULTE A WEB DA SEGURIDADE SOCIAL



**HORARIO DE ATENCIÓN AO
PÚBLICO EN OFICINAS**
De 9 a 14 horas
de lunes a viernes.

ATENCIÓN TELEFÓNICA PERSONALIZADA
De luns a xoves: de 9 a 14 e de 16 a 18 horas.
Venres: de 9 a 14 horas.

901 50 20 50

Inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en Programas de Formación

REAL DECRETO 1493/2011 - BOE nº 259 do 27 de outubro



www.seg-social.es



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL



TESORERÍA GENERAL
DE LA SEGURIDAD SOCIAL

▶ Que se considera Programa de Formación?

Actividades dirixidas á realización de prácticas formativas que non teñan carácter puramente lectivo, vinculadas a estudos universitarios ou de formación profesional, en empresas, institucións ou entidades públicas ou privadas, sempre que impliquen contraprestación económica para os participantes e non dean lugar ao establecemento dunha relación laboral.

▶ A quen afecta?

Empresario: Entidades ou organismos públicos ou privados.

Traballador: Persoas que participan ou participaron en programas de formación con titulación universitaria ou de formación profesional cuxa actividade non implicou a súa inclusión en ningún Réxime da Seguridade Social.

▶ Que se necesita para a inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social?

- ★ Un **código de conta de cotización -CCC-** específico, que será asignado por calquera Administración da Seguridade Social.
- ★ **Certificación expedida** pola entidade pública ou privada que realice a contraprestación económica, na que conste que o programa de formación reúne os requisitos esixidos, así como a duración do mesmo.

▶ Que efectos ten a inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social?

Empresario:

A cotización á Seguridade Social realizarase aplicando as regras de **cotización** establecidas para os **contratos para a formación e a aprendizaxe**. Non obstante, non existe obriga de cotizar pola continxencia de **desemprego**, así como tampouco ao **Fondo de Garantía Salarial**, nin por **Formación Profesional**.

Traballador:

- ★ Os participantes en Programas para a Formación teñen a consideración de asimilados a traballadores por conta allea.
- ★ **Acción Protectora:** É a correspondente ao Réxime Xeral da Seguridade Social, coa única exclusión da protección por desemprego.

▶ Ten carácter retroactivo?

Si, para as persoas que participaron en programas de formación en España ou no estranxeiro, con carácter previo á entrada en vigor do Real Decreto.

Para facer efectiva a cotización con carácter retroactivo o traballador debe acreditar a participación e a duración dos programas de formación e subscribir un **convenio especial** coa TGSS.

▶ En que consiste o Convenio Especial?

- ★ Asimilación ao Réxime Xeral polos períodos de formación realizados ata un **máximo de 2 anos**.
- ★ O subscritor debe aboar a cota mediante un pagamento único ou un pagamento fraccionado como máximo no dobre de mensualidades polas que se formaliza o convenio.
- ★ O prazo para a súa solicitude finaliza o **31 de decembro de 2012**.

*Recoñecemento dos
períodos de prácticas
como períodos cotizados
no Réxime Xeral*

Bolseiros de Investigación

Os bolseiros de investigación que participasen en programas de formación de natureza investigadora con anterioridade ao 4 de novembro de 2003, ou, no seu caso, á data de inscrición de programas no Rexistro de bolsas, poderán subscribir o convenio especial previsto neste Real Decreto para facer efectiva a cotización con carácter retroactivo durante un período máximo de dous anos.